

(1882-1883)", en: A. Sotelo Vázquez, *El Naturalismo en España: crítica y novela*, Salamanca: Almar, 2002, pp. 187-218.

Tolliver, J., *Cigar Smoke and Violet Water. Gendered Discourse in the Stories of Emilia Pardo Bazán*, Lewisburg: Bucknell University Press, 1998.

Torrigo Gil, A., *Claves de "Los Pazos de Ulloa"*, Madrid: Ciclo Editorial, 1990.

Válgoma y Díaz Varela, D. de la, *La Condesa de Pardo Bazán y sus linajes nobiliarios*, Burgos: Aldecoa, 1952.

Varela Jácome, B., *Estructuras novelísticas de Emilia Pardo Bazán*, Santiago de Compostela: C.S.I.C., 1973.

———, *Emilia Pardo Bazán*, La Coruña: Vía Láctea-Ayuntamiento de La Coruña, 1995.

Velasco Souto, C. F., *A sociedade galega da Restauración na obra literaria de Pardo Bazán (1875-1900)*, Pontevedra: Artes Gráficas Portela, 1987.

Whitaker, D. S., *"La Quimera" de E. Pardo Bazán y la literatura finisecular*, Madrid: Pliegos, 1988.

**O ESTUDIO CRÍTICO DAS OBRAS DO  
P. FEIJÓO DE PARDO BAZÁN, CONCEPCIÓN ARENAL  
E MIGUEL MORAYTA.  
O CERTAME DE OURENSE DE 1876**

Xosé Ramón Barreiro Fernández

(DA REAL ACADEMIA GALEGA E DA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA).

**I.- OS AZARES DUN CERTAME**

**I.- A convocatoria**

O claustro do Instituto de Ourense, conciencia intelectual da cidade, alerta en outubro de 1875 sobre a proximidade do segundo centenario do nacemento do P. Feijóo (1876)<sup>1</sup>.

As institucións ourensás: a Deputación, o Concello, o Instituto e as Comisións do Comercio e das Artes e Oficios, conscientes de que non había tempo suficiente para a construción do monumento, que era un proxecto do que se falaba había tempo en Ourense, decidiron convocar un Certame Literario. As bases deste publicáronse o 12 de decembro de 1875<sup>2</sup>.

Anunciábanse catro premios. O primeiro, dotado con 4.000 reais, sería para o autor do mellor "Estudio crítico de las obras del P. M. fray Benito Feijóo". O segundo, de 1.000 reais, para o autor da mellor e máis completa biografía do mesmo. Un terceiro premio, que consistía nunha rosa de ouro, sería para a mellor Oda, en castelán, na que se celebrara a Feijóo como filósofo. Finalmente, un cuarto premio que consistía nun "pensamiento de oro y plata, esmaltado" para o autor da mellor poesía en galego, dedicada a Galicia, no segundo centenario de Feijóo.

Os traballos que debían ser "inéditos y originales" tiñan que ser entregados antes do 15 de setembro de 1876<sup>3</sup>. O veredicto daríase a coñecer o 8 de outubro de 1876.

<sup>1</sup> *El Heraldo Gallego*, 21 de outubro de 1875.

<sup>2</sup> A Deputación e mailo Concello organizaron para os días 7, 8 e 9 de outubro de 1876 varias celebracións: o día 7 unha exposición rexional gandeira, o día 8 (enteiramente dedicado a Feijóo) poñeríase a primeira pedra do monumento a Feijóo e entregaríanse os premios de dous certames: o do P. Feijóo ó que nos referimos e doutro certame convocado e dotado por D. Modesto Fernández González, do que Arminda Flora Serrano obtivo o premio, e que non debe confundirse co Certame de Feijóo.

<sup>3</sup> Texto da convocatoria en *El Heraldo Gallego*, 16 de decembro de 1875.

## 2.- Comisión do Certame e xurado

A Comisión do Certame estaba presidida por D. Antonio Montenegro de Puga, Marqués de Leis<sup>4</sup> e formaban parte da mesma como vocais D. Juan M. Paz Novoa, D. Juan A. Saco Arce, D. Venancio Moreno Pablos, D. Juan Sieiro González, D. Valentín Lamas Carvajal, D. Manuel Pereiro Rey e D. Juan de la Cruz Izquierdo Alonso, secretario<sup>5</sup>.

Nas bases, publicadas o 12 de decembro de 1875, indicábase que o Xurado estaría formado por trece personalidades elixidas ó chou entre corenta papeletas cos nomes dos intelectuais máis notables de Galicia, viviran aquí ou fóra. Ademais, elixiríanse outras trece papeletas para constituír os trece suplentes.

A selección destes corenta nomes fíxo a unha Subcomisión, chamada Junta Nominadora del Jurado, constituída por cinco membros da Comisión do Certame. Ningún membro da Comisión, nin por conseguinte tampouco da Subcomisión, formaría parte, en principio, do Xurado.

O 14 de maio de 1876 reuniuse a Subcomisión ou Junta Nominadora del Jurado no Instituto de Ourense. Estaba formada por cinco membros da Comisión do Certame: Moreno Pablos, Juan José Domínguez, Juan Antonio Saco, Juan Sieiro González e Paz Novoa que actuou como secretario<sup>6</sup>. A reunión tiña como obxecto face-la lista de corenta nomes de personalidades galegas e elixi-los trece membros do xurado e os trece suplentes.

Non debeu ser tarefa doada a selección dos corenta nomes, porque consta nas actas que Moreno Pablos e Saco Arce protestaron a inclusión dalgúns nomes “por motivos de ortodoxia católica”, pretexto que, ó ser minoritaria, non se tivo en conta<sup>7</sup>.

O xurado quedou formado polas seguintes trece personalidades: Carlos Ramón Fort (catedrático de Dereito Canónico na Universidade Central e

<sup>4</sup> Para a biografía do Marqués de Leis, cfr. Barreiro Fernández et alii, *Parlamentarios de Galicia*, I, Santiago de Compostela 2001, p. 419.

<sup>5</sup> Paz Novoa, Saco Arce e Sieiro González eran profesores do Instituto de Ourense; Moreno Pablos e Lamas Carvajal eran periodistas; Pereiro Rey era banqueiro, persoa moi estimada na cidade na que exerceu como alcalde e concelleiro en varias ocasións, e, ademais, home culto. Gracias á súa insistencia e tenacidade foi posible inaugurar no ano 1887 o monumento a Feijóo en Ourense. Máis datos sobre este ilustre patricio en Rivas Villanueva, L., *Banqueiros ourensáns na Restauración*, Ourense 1990, pp. 119-148. Ocasionalmente tamén formou parte da Comisión D. Juan José Domínguez.

<sup>6</sup> *Reseña del Certamen Literario celebrado en Orense el día 8 de octubre de 1876 en honor del R. P. M. Fr. Benito Jerónimo Feijóo*, Orense 1877, p. 4

<sup>7</sup> *Reseña*, op. cit. p. 4.

membro da Real Academia de Historia), Manuel Murguía (arquiteiro do Arquivo Xeral de Galicia, foi cesado neste ano e destinado á Biblioteca de Valencia), Emilio Olloqui (escribía ocasionalmente poesías que publicaba en xornais como *El Heraldo Gallego*), Antonio Casares (catedrático e Rector da Universidade de Santiago), José Benito Amado (poeta e líder do progresismo pontevedrés, fora senador en 1871 e neste momento estaba retirado da política), Eduardo Chao (ex-ministro da Primeira República e gran empresario na publicación de libros e revistas), Justo Pelayo Cuesta (catedrático da Universidade Central e, neste intre, senador por Ávila), Eugenio Montero Ríos (ex-ministro, agora dedicado á súa cátedra na Universidade Central e ó seu bufete de avogado), Florencio Rodríguez Vaamonde (ex-ministro e senador pola provincia da Coruña), Luís Rodríguez Seoane (catedrático de Medicina da Universidade de Santiago, persoa moi culta, ex-deputado por Pontevedra), Cesáreo Fernández Losada (médico de Isabel II, ex-deputado por Ourense e persoa de gran prestixio intelectual), Antonio Romero Ortiz (ex-ministro, deputado por Noia) e Frei Benito González Araújo, ex-abade de Samos.

A lista dos trece suplentes era a seguinte: Saturnino Álvarez Bugallal, (ex-fiscal de imprenta e deputado pola provincia de Ourense), Eduardo Pondal (poeta), Claudio Fernández Vázquez, Joaquín Losada Pimentel (profesor do Instituto de Ourense), Indalecio Armesto (ex-deputado e xornalista en Pontevedra), Alfredo Vicenti Rey (xornalista), Emilio Álvarez Giménez (catedrático do Instituto de Pontevedra e autor prolífico), Jesús Muruais (profesor do Instituto de Ourense), Valentín Novoa (escribán do xulgado militar e xornalista), Manuel Sánchez Arteaga (cónego da catedral de Ourense e historiador), José Gómez Munaiz (ex-deputado por Galicia), José Ojea (farmacéutico e ex-deputado por Galicia), José María Hermida (do corpo de Obras Públicas e colaborador da revista *El Heraldo Gallego*).

Como pode observarse, era un xurado moi capaz e plural ideolóxica e politicamente.

A cada un deles comunicóuselle-la súa designación e “la gran mayoría de los señores electos aceptaron los cargos” como recolle a *Reseña* citada.

Convocados os titulares e suplentes para que se presentaran en Ourense o día 1 de outubro de 1876, sete días antes da entrega dos premios, a Comisión recibiu unha desagradable sorpresa: non compareceu ningún dos trece titulares e só seis dos suplentes: Claudio Fernández, Losada Pimentel, Alfredo Vicenti, Jesús Muruais, Sánchez Arteaga e Gómez Munaiz quen ó ver a desbandada xeral decidiu tamén retirarse.

Reunidos os cinco suplentes o 1 de outubro de 1876 acordaron solicitar da Comisión o reforzamento do Xurado porque “en atención a la responsabilidad y transcendencia que entrañan cargos de índole tan especial” era moi reducido o número de membros. A Comisión resistiuse inicialmente para evitar que “ninguno de sus individuos lo fuese del Jurado” pero ante a negativa deste a inician as súas tarefas, a Comisión ampliou o Xurado con catro nomes procedentes da Comisión: Saco, Sieiro, Moreno e Paz Novoa. O Xurado definitivamente quedou constituído así: presidente, Losada Pimentel; vocais: Sánchez Arteaga, Fernández Vázquez, Alfredo Vicenti, Moreno Pablos, Saco Arce, Juan Sieiro, Juan M. Paz Novoa e secretario: Jesús Muruais.

### **3.- Resolución do xurado**

O 7 de outubro de 1876, véspera da entrega dos premios, o Xurado tomou os seguintes acordos:

- \* Por unanimidade, declarou deserto o premio da biografía do P. Feijóo, “por no llenar ninguno de los trabajos presentados las condiciones que requiere este género de obras”.
- \* Tamén por unanimidade concedeuse a rosa de ouro á Oda que levaba como lema “Beato te” “por la inspiración que revela y las grandes bellezas que contiene”, que resultou ser de Emilia Pardo Bazán.
- \* Por maioría de seis votos contra tres acordouse darlle o premio de composición en galego ó traballo que levaba o lema “¿Qué labio?”, “por ser la primera en mérito relativo de las tres presentadas y por la galanura y corrección que en ella se observan”, e que era de Lamas Carvajal.
- \* Finalmente, iniciouse a discusión sobre o mérito das obras presentadas ó premio “Estudio crítico de las obras del P. Feijóo”.

Catro vocais (Losada Pimentel, Saco Arce, Moreno Pablos e Sánchez Arteaga) propuxeron a exclusión dos traballos presentados cos lemas “Dé lección un siglo a otro” (Miguel Morayta) e “En cualquiera materia” (Concepción Arenal) sen explicar as razóns de tal exclusión. Os cinco vocais restantes decidiron, en primeira votación, non excluír ningún dos tres traballos presentados.

Unha vez aceptados procedeuse á discusión de cada un deles. Os catro vocais citados deron o seu voto ó traballo presentado co lema “Jamque opus” (Pardo Bazán). Outros catro vocais (Vicenti, Sieiro, Fernández e Muruais) votaron o traballo “En cualquiera materia” (Concepción Arenal) e Paz Novoa deu o seu voto ó traballo “Dé lección de un siglo a otro” (Morayta).